



MERCORES 8 DE XUÑO, DÍA MUNDIAL DO NOVO PROTOCOLO DE INTERNET IPv6

O CESGA xunto cos servizos de rede das tres Universidades Galegas (UDC, USC e UVIGO) fan unha chamada a todos os internautas galegos para que se sumen as probas que se celebrarán durante esta xornada. Estas probas permitirán coñecer o en que medida usuarios e operadoras en Galicia están preparadas para a nova Internet.

Sobre o Día Mundial IPv6

As direccións de **Internet IPv4** dispoñibles se acaban. As grandes empresas de **Internet** están empezando a moverse e declararon o vindeiro **8 de xuño de 2011** como **World IPv6 Day** .

Ese día, moitas das compañías máis importantes da Rede, como **Google, Facebook, Yahoo!** o **Akamai** realizarán unha **proba de 24 horas** con todos os seus sistemas funcionando sobre a nova versión do Protocolo de Internet (a IPv6).

A Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia preparada para IPv6

En Galicia, a Rede de Ciencia e Tecnoloxía xestionada polo CESGA, innova e adiantase aos avances dos grandes da industria. Así, hai xa máis de sete anos que esta rede está preparada para o novo protocolo. A Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia dá servizo ao Sistema Universitario e aos centros tecnolóxicos e de investigación na nosa comunidade.

As universidades galegas, preparadas para o futuro,

Os servizos de rede das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo traballando conxuntamente co CESGA veñen de preparar as súas redes para IPv6.

REALICE O TEST IPv6 e Axúdanos a avaliar cómo de preparados están os operadores e usuarios en Galicia. Non lle levará máis de 3 minutos.

Visita <http://www.cesga.es/ipv6/index.php?lang=gl> , pasa o test preparado por ISOC-ES aloxado no CESGA e axúdanos a comprobar se Galicia está preparada para este cambio na Rede de Redes.

CESGA, sede social do Capitulo Español da Internet Society (ISOC-ES), e xestor da Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia convida a todos os usuarios de Internet a participar nas probas que permitirán comprobar se os **ISPs, as empresas e os usuarios** estamos realmente preparados para a transición. Non estar preparado pode querer dicir que non poderemos acceder a servizos en Internet. Se queremos adiantarnos a ese día e verificar as nosas conexións, podemos facelo grazas ao test online preparado pola **Internet Society** .

As Universidades galegas poñen a disposición de todos os internautas salas nas que probar a experiencia IPv6.

Na UDC:

Aula 0.1 de la Facultade de Economía e Empresa, no campus de Elviña acceso ao aula é libre. En caso de problemas deben dirixirse ao Área de Rede e Comunicacóns no Servizo de Informática e Comunicacóns (8 a 15h).

Na USC:

Aula 2 da Facultade de Dereito no Campus de Santiago.
Aula Universia, edificio Intercentros no Campus de Lugo.

Son aulas de acceso libre polo que están abertas no horario dos centros de 8:00 a 22:00 horas. No caso de necesitar atención poden preguntar aos bolseiros das aulas. Os técnicos da zona estarán pendentes no seguinte horario: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00

Na UVIGO:

Aula de libre acceso da Biblioteca Central, os datos están en:

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/atic/datos/aulas/

En caso de problemas terían que dirixirse aos bolseiros responsables da sala (de 10 a 19h).

Adicionalmente na UVIGO contan con soporte Eduroam IPv6 nativo.